



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 02 DE XUÑO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00028988Q.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria

2. CONTRATACIÓN. 2021/00032042S.

Autorización inicio de trámites para proceder á recepción parcial das obras de “Execución das obras definidas no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI.”

Autorizar o inicio de trámites para proceder á **recepción parcial** das obras de “Execución das obras definidas no proxecto denominado "Actuacións no Camiño Francés en Santiago de Compostela: remodelación da rúa Concheiros".- Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI”, nomeando representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar a Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

A fin de acreditar o control e supervisión das obras e a idoneidade das mesmas para poder proceder á súa recepción parcial, a empresa contratista das obras e a Dirección Facultativa deberán achegar á finalización efectiva da obra, e en todo caso, previamente ao acto de recepción, a documentación que figura no informe do arquitecto supervisor municipal de 2 de xuño de 2022, procedendo a continuación levar a cabo o acto formal de recepción parcial, logo do estado das obras.